

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 27 DE NOVEMBRO DE 2023

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D. Ángel Salvador García Cordero (PSG-PSOE)

D^a. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)

D. José Manuel Sanmartín Fornos (ídem)

D^a. María Ángeles Bello Salazar (ídem)

D. Javier Novo Rodríguez (ídem)

D. Eladio Romero Neira (PP)

D. Jonathan Fernández Ríos (ídem)

D^a. Cristina Bouza Bellón (BNG)

D. Rubén Ríos Curbeira (ídem)

D. Carlos Caaveiro Puentes (MOVENEDA-G.Mixto)

Na Casa da Cultura da Vila de Neda, sendo as doce horas e tres minutos do día vinte e sete de novembro de dous mil vinte e tres, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os que compoñen a Corporación. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora desta entidade, D^a. Sonia Lorenzo Barbeito.

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

Previamente, a Presidencia xustifica a realización da sesión plenaria na Casa da Cultura en lugar de celebrarse no Salón de Sesións, co obxecto de dar continuidade aos protocolos de seguridade e saúde inicialmente establecidos como consecuencia da pandemia covid-19.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, ORDINARIA DE 02/10/2023 E EXTRAORDINARIA DE 19/10/2023

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á acta da sesión ordinaria de 02/10/2023, e por maioría absoluta, con 10 votos a favor e 1 abstención da Sra. Bouza Bellón, motivada pola súa inasistencia, á acta da sesión extraordinaria de 19/10/2023.

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DO 31/2023 AO 47/2023

O Pleno toma coñecemento dos citados Decretos, copia dos cales quedan a disposición dos corporativos.

3.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 13/11/2023 REFERIDO A APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO ACTUAL CONVENIO REGULADOR DA PROBA “VOLTA Á RÍA MEMORIAL ADOLFO ROS”

O Pleno coñece do seguinte asunto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 13 de novembro de 2023, e posteriormente ditaminado pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en sesión ordinaria de 20 de novembro de 2023, cuxo tenor literal é o seguinte:

“Por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 11.11.2019, este concello, en relación ao asunto mencionado, adoptou o seguinte acordo:

8.a) Proposta de Convenio de colaboración entre os Concellos de Neda, Narón, Fene e Ferrol, para a organización da proba deportiva denominada "Memorial Adolfo Ros- Volta á Ría".- A Xunta de Goberno coñece da proposta de convenio que remite o Concello de Narón, que ten por obxecto a colaboración e compromiso entre os Concellos antes indicados, para a organización da proba deportiva anual denominada "Memorial Adolfo Ros- Volta á Ría", que cada ano lle corresponde a cada un dos referidos Concellos.

A duración deste convenio será dende o 1 de novembro de 2019 ata o 31 de outubro de 2023, pero en calquera momento, antes da finalización do prazo previsto, os asinantes do convenio poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, ou a súa extinción.

Unha vez examinado o documento a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio entre os Concellos de Narón, Neda, Fene e Ferrol, para a organización da proba deportiva denominada "Memorial Adolfo Ros- Volta á Ría".

2º.- Autorizar expresamente ó Sr. Alcalde, D. Ángel Alvariño Saavedra, para asinar, no seu caso, o referido Convenio.

Na xuntanza celebrada o día 05.10.2023 dos representantes dos concellos organizadores da proba deportiva “Memorial Adolfo Ros Volta á Ría, ano 2023”, acordouse no punto primeiro o seguinte:

1º.- Dar conta da prórroga do actual convenio polo período dun ano ou ata a firma do novo convenio regulador da proba “Volta á Ría. Memorial Adolfo Ros”.

A técnica da conta da última reunión mantida e o acordo acadado na mesma de prorrogar polo período dun ano o convenio, proposta que debe ser elevada ao Pleno dos respectivos concellos.

(...)

Todo isto por canto que a proba deste ano 2023 terá lugar o día 1 de decembro, e a vixencia do convenio subscrito no ano 2019 abarcaba ata o día 31.10.2023.

Á vista de todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Que se acorde prorrogar o actual convenio polo período dun ano ou ata a firma do novo convenio regulador da proba “Volta á Ría. Memorial Adolfo Ros”.

Segundo. Que se dea traslado deste acordo ao Concello de Ferrol, aos efectos oportunos.

Terceiro. Que se someta o presente acordo a ratificación do próximo Pleno municipal.”

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, ratifica o transcrito acordo da Xunta de Goberno Local, quedando convertido en acordo plenario.

4.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A DIGNIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA E A PROCURA EN RELACIÓN COA QUENDA DE OFICIO, DEREITOS LABORAIS BÁSICOS E XUBILACIÓNS

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, en sesión ordinaria de 20 de novembro de 2023, tomou coñecemento do escrito presentado neste Concello en data 5 de outubro de 2023, por D^a. Ana Rosa Pena Barcia, na súa condición de voceira da plataforma Marea Negra Galicia e Movemento J2, referido á dignificación dos profesionais da Avogacía e a Procura en relación coa quenda de oficio, dereitos laborais básicos e xubilacións, e solicitando á posible adopción como moción polos grupos municipais.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno acordou elevar o escrito ao Pleno, co carácter de declaración institucional, cuxo tenor literal é o que a continuación se recolle, acordando asimesmo, e de conformidade coa petición reflectida no citada escrito a medio de outrosí:

1º.- Que se notifique a estes solicitantes a data de votación da moción e posterior resultado da mesma, mediante as direccións de correo electrónico:

abogaciaferrolunida@gmail.com

anarosa.penabarcia@gmail.com

2º.- Que se permita a intervención no debate da moción, dun voceiro/a que poida expor con detalle o problema que aquí trasladámoslles.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A DIGNIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA E A PROCURA EN RELACIÓN COA QUENDA DE OFICIO, DEREITOS LABORAIS BÁSICOS E XUBILACIÓNS

“A plataforma Marea Negra Galicia e o Movemento #J2, a través dun dos seus voceiros en Ferrolterra, Ana Rosa Pena Barcia, con DNI nº32.663.377-L, diante dese Concello presentan Moción a fin de que se faga chegar a tódolos grupos políticos con representación no Pleno Municipal, aos efectos de que se así o consideran, fagan súa a presente **MOCIÓN**, nos termos que se deixan expostos, elevándoa ao Pleno para o seu debate e no seu caso aprobación, ao abeiro da normativa aplicable, moción sobre a dignificación dos profesionais da avogacía e a procura

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Quenda de Oficio, constituída por avogados/as e procuradores/as é un servizo público esencial para garantir un estado de dereito e a tutela xudicial efectiva dos máis desfavorecidos. O acceso á xustiza por parte de tódolos cidadáns é un dereito fundamental consagrado constitucionalmente, sendo este colectivo quen presta ese servizo a través de profesionais cualificados, en preparación continua para lograr un servizo de máxima calidade. Trátase dun dos servizos públicos mellor valorados polos usuarios, estimándose que un 82% deles valóranos positivamente.

Somos profesionais con vocación de servizo público, prestado por mandato directo da Administración, en Galicia por mandato da Xunta de Galicia, sen que se teña cotizado xamais polo tempo adicado a un servizo prestado, os 365 días do ano, sempre con dificultades para poder traballar nunhas condicións mínimas de dignidade. Por elo resulta imprescindible que se nos recoñezan os mesmos dereitos laborais e sociais básicos que ao resto dos cidadáns.

Malia atoparnos diante dunhas profesións nas que, tradicionalmente, asúmese por parte dos cidadáns que son ben remuneradas, a situación real é moi lonxana da imaxe social que se proxecta, xa que os avogados/as e procuradores/as da quenda de oficio carecen de dereitos dos que hoxe sería impensable privar a calquera outro traballador. As reclamacións do colectivo non son todas económicas, tampouco as máis relevantes, pero a dignidade dun traballo ou dun servizo, necesariamente implica unha remuneración digna.

Na quenda de oficio non temos días libres, non temos dereito a permisos de paternidade/maternidade, nin por falecemento dun familiar, nin por enfermidade propia, nin dun familiar directo. Non existe norma que estableza os nosos dereitos nestas situacións para que se suspendan as vistas e prazos procesuais. Non temos dereito á conciliación familiar, laboral ni persoal, nin á desconexión dixital, nin ao descanso. Todo isto estamos reivindicando.

Por riba, a remuneración dos servizos na quenda de oficio é insignificante, e hai tantas actuacións que non se remuneran que o servizo adoita resultar deficitario para os profesionais que o prestan. Abóanse cantidades irrisorias (20 euros por unha entrada e rexistro de 11 horas de traballo) ou directamente non se pagan outras actuacións (as gardas as que non son chamados, recursos, actuacións extraxudiciais, redacción de escritos procesuais...). Os transportes tampouco se pagan (coche, combustible, seguros... son asumidos polo profesional), o seguro de accidentes non existe (págao o profesional), o persoal que tramita a xustiza gratuíta son empregados dos colexios profesionais (pagados en parte coas cuotas aboadas por estes), os impresos, papel e copias, págaas o profesional e, para rematar, pero especialmente importante: os servizos prestados non se recoñecen a ningún efecto (nin se cotizan á seguridade social, nin computan para os concursos ou oposicións, nin en ningún outro sentido).

O profesional da avogacía e da procura, adscrito ou non á quenda de oficio, non ten dereito á xubilación. Vese obrigado a continuar eternamente no seu traballo, posto que as súas xubilacións sonno en contías na maior parte dos casos inferiores as dunha pensión non contributiva, malia cotizar durante toda a súa vida profesional. Ata o ano 1995 estes profesionais non podían darse de alta no sistema público de traballadores autónomos ou RETA; obrigábaselles, como única opción posible, a adherirse a un sistema privado, as mutualidades. Cando se abriu a posibilidade de adscribirse ao sistema público, e ata hoxe así continúa sendo, o exercicio desta posibilidade implicaba para os avogados/as cotizantes na Mutualidad General de la Abogacía ou en Altermutua, ou os procuradores/as na Mutualidad dos Procuradores, que todo o aportado queda atrapado nesa entidade privada.

Dende os colexios profesionais continuouse potenciando e recomendando a permanencia dentro das mutualidades e a afiliación ás mesmas para os novos colexiados, prometéndolles mellores prestacións e pensións lixeiramente superiores ás do RETA para pagos ao longo da vida profesional similares, sendo a Mutualidad a que establecía as táboas de cotización de cada mutualista. Pero no momento da efectiva xubilación en ningún caso estanse aboando as pensións prometidas, xa que na maior parte dos casos son inferiores a 500 euros, aínda por riba non actualizables, son moitos os compañeiros/as que se están xubilando con pensións de entre trescentos e quinientos euros. Esa cantidade mensual é a que cobraremos ao longo de toda a nosa vida, sen que se lle aplique absolutamente ningún coeficiente de actualización, un xubilado que a día de hoxe cobre 400 euros, pasados vinte anos cobrará 400 euros, manifestándonos agora ademais que os nosos fondos non están garantidos, posto que por posteriores reformas legislativas o que era un plan alternativo de xubilación pasou a ser un plan de pensións individuais, moi alonxado do prometido, con pensións vitalicias ridículas, sempre inferiores ao importe dunha pensión non contributiva.

Agora, novamente voltan a artellarse reformas no sistema de protección mutual alternativo ao público. Un sistema inicialmente imposto, posteriormente alabado e incentivado e, finalmente, transformado. Unha vez máis lévase a cabo sen contar coa opinión do colectivo afectado. Mentres, os profesionales constatan que os seus compañeiros/as máis vellos non se poden xubilar e que as estimacións dos que son máis novos poidan facelo son cada vez máis irrealis.

Non solicitamos ningún privilexio, prebenda ou prestación a cargo dos contribuíntes ou do resto de traballadores. Interesamos que se nos permita trasladar o noso diñeiro que temos retido nas entidades privadas mutuais, as cotizacións de toda unha vida, ao sistema público, igual que xa se fixo no seu día con notarios e corredores de comercio. Pretendemos que se nos trate do mesmo xeito que ao resto de traballadores/as, rematando cun problema social que non debe seguir sendo obviado, nin ocultado, nin parcheado, senón que ten que ser afrontado sen dilación e con carácter urxente para atoparlle solucións.

Os avogados/as e a procura mutualista non ten dereito a unha incapacidade permanente total, non temos pagas extraordinarias, non temos cese de actividade, os nosos fillos non teñen dereito a pensión de orfandade, non existe a pensión de viudedade, os profesionais ó longo da nosa vida profesional so podemos ter baixa por IT durante 365 días, en toda a nosa vida, e si o que padecemos en unha enfermidade psicolóxica, so durante 60 días podemos ter baixa por tal padecemento, ata 2012 non tínhamos nin seguro médico... todos eles son dereitos esenciais para calquera traballador/a, e os que loitan pola procura de estes dereitos nos tribunais carecen deles.

Tanto a avogacía como a procura está loitando polo que é de xustiza ó longo de toda España, estas mocións están sendo presentadas en Concellos, Diputación e nos Parlamentos Autonómicos, na maior parte en forma de PNL presentadas por grupos políticos, todas elas sendo aprobadas de maneira unánime pola totalidade dos grupos, así xa se aprobaron PNL nos parlamentos de Andalucía, Galicia, Cantabria, Cataluña..., pendente de celebración en Murcia, Canarias, Madrid... polo concello e deputación de Cádiz, en Jaén, en Jerez, Ponferrada... aprobándose sempre por unanimidade.

Por todo o exposto e co fin de avanzar na solución destes problemas, preséntase, para a súa aprobación, a seguinte

MOCIÓN:

1. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a promover as modificacións normativas necesarias para garantir unha remuneración digna polas actuacións realizadas polos profesionais da avogacía e a procura que traballan na Quenda de Oficio, e a remuneración da totalidade das actuacións e do servizo digna, e actualizable anualmente conforme ao IPC, establecendo orzamentos específicos para a Xustiza gratuíta.

2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno de España para que se estableza un marco xurídico de referencia, aprobando un Estatuto Xurídico dos Avogados/as e Procuradores/as da Quenda de Oficio, que mediante una norma legal, independente e específica, regule a relación destes profesionais coa Administración na prestación do servizo, fixando os dereitos de conciliación, desconexión e descanso así como os efectos do tempo traballado en materia de Seguridade Social, con carácter retroactivo, nas mesmas condicións que ao resto de traballadores.

3.- Instar ao Goberno de España a promover as modificacións normativas necesarias para establecer unha ventá ou pasarela que permita a posibilidade puntual, individual e voluntaria, de que os/as profesionais da avogacía e a procura que o desexen poidan recuperar as súas aportacións ás mutualidades privadas con destino ao RETA, así como a posibilidade de completar cotización, Débese garantir a tódolos profesionais, en función dos seus anos de exercizo e cotización ás mutualidades, o dereito a unha pensión de xubilación digna, nas mesmas condicións que os cotizantes do RETA, incluídos para aqueles que xa conforman as clases pasivas, así como melloras fiscais en fase de xubilación no referente ó rescate das cantidades aportadas e melloras na compatibilidade do cobro da pensión de xubilación e ó exercizo da profesión.

4.- Trasladar estes acordos á Xunta de Galicia, ao Goberno de España, a tódolos grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia e de España, así como ao Parlamento Europeo, ao Consello da Avogacía Galega, ao Consejo General de la Abogacía Española e á Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones”.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda aprobar como declaración isntitucional o escrito presentado por D^a. Ana Rosa Pena Barcia, na súa condición de voceira da plataforma Marea Negra Galicia e Movemento J2, recollido *ut supra*, e nos propios termos expostos.

5.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A SITUACIÓN DO TRANSPORTE POR ESTRADA NA COMARCA

A portavoz do BNG, Sra. Bouza Bellón, defende a moción do seguinte tenor literal:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DO CONCELLO DE NEDA SOBRE A SITUACIÓN DO TRANSPORTE POR ESTRADA NA COMARCA

Desde o BNG sempre acreditamos que o transporte colectivo de carácter público – baseado sempre no seu carácter inclusivo para todas as persoas usuarias- é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén un labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela. Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións, así como de accidentes ou colapsos e ruídos nos espazos urbanos.

Ao fío da instauración do último plan de transporte de Galiza, son milleiros as queixas de persoas usuarias, colectivos e traballadores ante este novo modelo no deseño das licitacións públicas e da súa execución ou posta en práctica. Este novo plan de transporte está a deixar na nosa comarca unha situación realmente caótica; con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da veciñanza. Este último plan de transporte de Galiza deixa fóra moita da poboación da comarca que este plan de transporte non ten nin en consideración, situación agravada pola falta de oferta de alternativa de transporte por parte de quen ten a competencia, a Xunta de Galicia.

Unha situación que deriva dos evidentes incumprimentos por parte da adxudicataria MONBUS, mais tamén da complicidade da Xunta; como responsábel da adxudicación do servizo e garante das cláusulas que se explicitan nos mesmos. E cómpre lembrar que, para o desenvolvemento do transporte metropolitano na nosa comarca, asinouse un convenio hai dous anos –que deriva nunha importante aportación económica por parte dos concellos- no que se expresa coma un dos obxectivos fundamentais “...proceder á

execución dunha serie de actuacións conxuntas que permitan o mellor desenvolvemento do transporte metropolitano no seu ámbito, como medidas de fomento de mobilidade sostible...”. Nada máis lonxe da realidade... Lonxe do cumprimento dos obxectivos fixados no convenio resulta totalmente caótica: incumprimento de horarios e itinerarios, insuficiencia e malas condicións dos medios utilizados, carencias de persoal , etc....Unha situación que levamos aturando desde hai tempo, e dun xeito indecente desque a Xunta procedeu á nova adxudicación ao monopolio que representa a empresa MONBÚS; e que está a ser denunciada desde diversos colectivos e institucións, sen que se producise mellora algunha das deficiencias comentadas.

Con este panorama, resulta evidente que os obxectivos que se concretan no convenio asinado vai para dous anos —no que os concellos achegan en cada anualidade 2021-2024 máis de 350.000 euros- están a incumprirse por parte da Xunta, que é realmente a que ten que velar porque a/s empresa/s adxudicataria/s cumbran os seus contratos que, entendemos, deberían responder ao contido do convenio asinado cos concellos.

Este último plan de transporte de Galiza, ademais deixa fóra moita da poboación da comarca, á que o plan e os seus responsables non teñen nin en consideración, situación agravada pola falta de oferta de alternativa de transporte por parte de quen ten a competencia, a Xunta de Galicia.

Neste contexto, e atendendo á defensa dos intereses das persoas usuarias e tamén á transparencia e obxectividade no referente ao destino dos fondos municipais que os concellos están a dirixir ao cumprimento do convenio, e tendo presente a realidade dos concellos rurais, así como a lexislación competencial e o actual sistema de financiamento municipal, solicitamos do Pleno do Concello a adopción dos seguintes

ACORDOS

Primeiro. O Pleno do Concello, á vista dos problemas que está a padecer o servizo de transporte público de viaxeiros a nosa comarca que afecta directamente ao conxunto dos nosos veciños e veciñas, acorda demandar da Xunta unha urxente solución á citada problemática; concretada especialmente no reforzo e adaptación de servizos en horas que demandan os colectivos de usuarias, co fundamental obxectivo de atender definitiva e acaídamente as necesidades de mobilidade da poboación da comarca, nomeadamente as derivadas de razóns laborais, académicas, asistenciais, etc.

Segundo. Do mesmo xeito, demandamos a curto prazo a revisión do presente contrato así como a revisión dos convenios dos concellos no transporte metropolitano asinado coa Xunta e provocados pola delegación do Concello de Ferrol”

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á transcrita moción.

6.- MOCIÓN DO PSDEG PSOE RELATIVA CO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

O portavoz do PSdeG-PSOE, Sr. Alvariño Saavedra, defende a moción, do seguinte tenor literal:

MOCIÓN 25 NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

O Grupo Municipal dos Socialistas de Neda de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 25 de novembro conmemórase o día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.

A violencia é a consecuencia máis terrible das desigualdades que sofren as mulleres no mundo. Segundo ONU Mulleres, o **30% das mulleres de 15 anos ou máis foron vítimas de violencia física ou sexual polo menos unha vez na vida**. En España, segundo a última macroenquisa de violencia contra a muller, 1 de cada 2 mulleres sufriu algún tipo de violencia por razón de xénero.

A violencia de xénero non é só unha violación dos dereitos humanos, senón que constitúe un serio obstáculo para o desenvolvemento dunha democracia plena dado que a igualdade entre mulleres e homes está no corazón mesmo de calquera forma de sociedade libre; é condición sine qua non para alcanzar comunidades igualitarias.

Ao longo da historia a violencia exercida contra as mulleres foi obxecto de nomeamentos que ocultaban as súas causas reais. Dende a extrema dereita española sigue facéndose, e o máis grave é que as súas teses xa se están poñendo en práctica nas institucións, en concellos e comunidades autónomas. Este fenómeno, lonxe de ser superficial ou individualizable, forma parte de todo un sistema, o patriarcal, que afunde as súas raíces no máis profundo da nosa historia e que ao longo de séculos mantivo a desigualdade das mulleres como forma de dominación, explotación e subordinación.

A Lei Orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero marca un punto de inflexión en España, por canto que define de maneira precisa a natureza e características da violencia de xénero, diferenciándoa do resto de formas de violencia igualmente execrables, prodúzanse tanto no ámbito privado como no ámbito público.

A aprobación do Pacto de estado contra a violencia de xénero en decembro de

2017 por parte de grupos parlamentarios, comunidades autónomas e entidades locais supuxo un novo gran fito para a visibilidade da violencia de xénero, así como para a mobilización de recursos, accións coordinadas e capacidades para facerlle fronte.

Con todo, e a pesar das melloras que trouxeron estes avances, os datos seguen sendo atronadores. Desde o 1 de xaneiro de 2003, data na que se empezaron a contabilizar as mulleres asasinadas vítimas de violencia xénero, foron asasinadas en España **1.237 mulleres**. Este ano **2023** está a ser especialmente grave con **52 mulleres asasinadas no noso país, 2 en Galicia**. O asasinato é a expresión máis dramática da violencia contra as mulleres, pero as mulleres sofren cada día diferentes formas de violencia machista.

Se a Lei Orgánica 1/2004 supuxo que a violencia contra as mulleres deixase de ser un delito invisible, a Lei Orgánica 10/22 de garantía da liberdade sexual supuxo un novo progreso, porque xera unha nova arquitectura legal que protexe de maneira transversal da violencia sexual. Igualmente, o PSOE iniciou o traballo para combater de forma efectiva todas as caras do proxenetismo: non podemos esquecer que a explotación sexual é unha das formas máis brutais de violencia contra as mulleres.

O que non se ve, non existe e dar visibilidade á violencia de xénero non é un xesto, non é unha imaxe, é unha mensaxe ás vítimas, aos agresores e ao conxunto da sociedade.

A violencia sexual é unha forma de violencia machista iceberg, menos do 10% das mulleres que sufriron violencia sexual denunciaron ante a policía ou nun xulgado sendo os principais motivos a vergoña e o medo a non ser crida.

Expertos e expertas alertan dos riscos que o fácil, e non sempre intencionado, acceso dos menores a unha pornografía violenta entraña para a educación afectivo-sexual destes nenos e adolescentes e os efectos que ten nas relacións cos seus pares nenas e adolescentes. As tecnoloxías, a pesar da súa enorme contribución ao progreso, rebeláronse tamén como unha nova e potente ferramenta de violencia contra as mulleres, particularmente as máis novas.

Nun Estudo da Fundación ANAR (Ayuda a Niños/as y Adolescentes en Riesgo) sobre a evolución da Violencia contra as Mulleres na infancia e na adolescencia en España (2018-2022), segundo a súa propia testemuña, **as TICs aparecen implicadas en algo máis dun terzo dos casos de violencia contra as nenas ou adolescentes (39,3%)**.

Sinalan que o que incide no aumento de casos de violencia de xénero en adolescentes son, por unha banda, o fácil acceso á pornografía na que se presentan modelos de relacións de parella violentos, e por outra, unha menor

conciencia de desigualdade entre homes e mulleres por parte das adolescentes e unha maior sexualización da infancia con modelos infantís de referencia con respecto e comportamentos adultos cada vez a idades máis temperás

No ano 2022 en Galicia incrementáronse nun 12 % as denuncias por violencia machista, segundo a memoria anual da actividade xudicial dos tribunais e xulgados galegos, que deixa datos aterradores: **as audiencias galegas xulgaron en 2022 dúas persoas á semana por delitos sexuais**, o 65,6 % das 93 denunciante eran menores de idade e na maioría dos casos tiñan relación previa cos acusados, cos cales case sempre formaban parte do seu círculo familiar.

Na presentación deste documento o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia alertaba de que aínda que o aumento de denuncias significa que existe unha maior concienciación social, ese incremento “demostra unha violencia oculta, para o que é necesario unha transformación real” no ámbito educativo, laboral ou familiar. Como exemplo, aludía ao 20 % dos menores que negan a existencia da violencia de xénero.

Os datos dos xulgados galegos van en consonancia cos arroxados polo Ministerio de Interior no seu balance de criminalidade do primeiro trimestre do ano 2023, que reflicte que **os delitos contra a liberdade sexual creceron en Galicia case un 30%**. Todas as voces expertas apuntan en efecto a perda do medo a denunciar como factor para explicar este incremento (a pesar de que se supón que só se denuncia o 2 % das agresións sexuais), pero advirten dunha nova peculiaridade como é que eses delitos cada vez en maior medida os cometan menores.

Ese incremento entre a xuventude está moi relacionado co libre acceso a contidos dixitais de pornografía baseados na violencia sexual contra as mulleres así como na grave carencia de formación en materia sexual. Destes aspectos preocupouse a Lei orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, que no capítulo I de Medidas de prevención e sensibilización incorpora:

Artigo 7. Prevención e sensibilización no ámbito educativo.

1. O sistema educativo español incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a integración de contidos baseados na coeducación e na pedagogía feminista sobre educación sexual e igualdade de xénero e educación afectivo-sexual para o alumnado, apropiados en función da idade, en todos os niveis educativos e coas adaptacións e apoios necesarios para o alumnado con necesidades educativas específicas, respectando en todo caso as competencias en materia de educación das comunidades autónomas e en colaboración co ámbito sanitario.

2. Os currículos de todas as etapas educativas non universitarias incluírán contidos formativos sobre o uso adecuado e crítico da internet e as novas tecnoloxías, destinados á sensibilización e prevención das violencias sexuais, a protección da privacidade e os delitos cometidos a través das novas tecnoloxías da información e a comunicación promovendo unha educación na cidadanía dixital mediante a consecución de competencias dixitais adaptadas a nivel correspondente do tramo de idade.

3. As administracións educativas impulsarán, nas universidades da súa respectiva competencia, a inclusión dos anteriores contidos formativos nos plans de estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais nos que resulte coherente conforme ás competencias inherentes aos mesmos.

4. Os servizos de inspección educativa, ou órganos que as administracións educativas competentes determinen, velarán polo cumprimento e aplicación do previsto nos apartados 1 e 2 deste artigo en todos os ámbitos do sistema educativo.

Pola súa banda a Lei orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia dedica o Capítulo VIII do Título III ás novas tecnoloxías, destacando a importancia de desenvolver campañas de educación e sensibilización dirixidas aos nenos, nenas e adolescentes, familias, educadores/as e outros/as profesionais que traballan habitualmente con persoas menores de idade sobre o uso seguro e responsable da internet e as tecnoloxías da información e comunicación, así como sobre os riscos derivados dun uso inadecuado que poidan xerar fenómenos de violencia sexual contra nenos, nenas e adolescentes como o cyberbullying, o grooming, a ciberviolencia de xénero ou o sexting, así como o acceso e consumo de pornografía entre poboación menor de idade.

Formar e educar á sociedade, con especial atención á mocidade, tanto nos perigos que comportan os contidos dixitais de violencia sexual como na necesidade de coñecer os nosos corpos e aprender a respectalos deberían formar parte da estratexia de loita contra as violencias contra as mulleres

Peza crave para facerlle fronte aos casos de violencia de xénero é que a xustiza conte cos medios e a especialización necesaria para facelo, por iso o PSOE vén de comprometerse á creación de cinco novos xulgados exclusivos de violencia de xénero: en Lugo, Ourense, Santiago, Pontevedra e Ferrol e á dotación de todos medios precisos para o seu correcto funcionamento. Comprometéndose a incluír os de Santiago, Lugo e Ourense nos Orzamentos Xerais do Estado para 2024.

Por outra banda, de cara a mellorar a persecución dos delitos de violencia contra as mulleres, e dos delitos de violencia sexual en particular, é fundamental o papel das Unidades de Valoración Forense Integral, a súa necesaria posta en marcha

está recollida na Medida 135 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, así como no artigo 47 da Lei orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual. Estas unidades son necesarias para que o xuíz/xuíza teña a maior información posible e poida adoptar unha resolución axustada ás particularidades do caso. É, polo tanto, imprescindible que se dea cumprimento á Medida 135 do Pacto de Estado e ao artigo 47 da Lei orgánica 10/2022 para establecer as Unidades de Valoración Forense Integral en todo o territorio de forma que xuíces, fiscais e avogados poidan dispoñer da maior información posible para solicitar ou adoptar a mellor resolución e que lles permita emitir o seu informe coa urxencia que o caso requira.

Para facerlle fronte a violencia contra as mulleres, tan só neste ano 2023, o Goberno de España destina a Galicia máis de 14,7 millóns de euros, dos cales, 13 millóns de euros irán destinados á Xunta de Galicia e 1,7 millóns, aos concellos.

Os concellos temos unha responsabilidade e a obrigaón de velar pola seguridade e os dereitos dos seus cidadáns e cidadás, garantir contornas libres de violencia, así como protexer ás vítimas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Neda, presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes **ACORDOS**:

1. Ratificar o compromiso deste Concello coa erradicación e prevención da violencia machista en todas as súas expresións.
2. Apoiar as iniciativas de sensibilización e educación en igualdade e prevención da violencia machista, e en particular da violencia sexual, poñendo unha atención especial na infancia, adolescencia e mocidade.
3. Ampliar a difusión dos recursos existentes para atender casos de violencia contra as mulleres entre a poboación en xeral, as familias e os equipos de profesionais.
4. Contribuír de xeito activo á implementación do contido do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
5. Colaborar co tecido asociativo que traballa pola igualdade e a loita contra a violencia machista.
6. Promover programas de educación afectivo-sexual e de resolución de conflitos en colaboración cos centros educativos do municipio.

Instar ao Goberno de España a:

1. Garantir o cumprimento da aplicación de sistemas efectivos de verificación da maioría de idade nas plataformas e páxinas web con contidos pornográficos, poñendo os medios suficientes e adoptando os mecanismos necesarios.
2. Establecer por lei que todos os dispositivos con conexión a internet que se poñan á venda en España contén con un o control parental/marental de maneira predeterminado.

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Realizar un estudo sobre o acceso, consumo e implicacións da pornografía online en Galicia.
2. Dar cumprimento ao artigo 7 da lei orgánica de garantía integral da liberdade sexual en materia de educación afectivo-sexual e do uso axeitado das novas tecnoloxías para avanzar na erradicación da violencia sexual, incluíndo información sobre os riscos da pornografía en contornas dixitais (sexting, grooming, ciberacoso....).
3. Elaborar, antes de que remate o actual período de sesións, unha guía con material informativo actualizado en materia de sexualidade que recolla recursos dirixidos ás familias.
4. Elaborar unha campaña de grande alcance dirixida á mocidade sobre o perigo do consumo de contidos dixitais pornográficos baseados na violencia sexual contra as mulleres. A campaña, realizada para a súa difusión en todos os soportes, enviarase a todos os centros educativos galegos e aos concellos e estará dispoñible para calquera organización que a solicite.
5. Dar cumprimento ás medidas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, en particular, de xeito urxente, á medida 135 do Pacto de Estado establecendo Unidades de Valoración Integral Forense con persoal suficiente en todo o territorio galego.

EMENDA DE ENGÁDEGA: A portavoz do BNG, Sra. Bouza Bellón, plantea unha emenda de engádega, para incluír no parágrafo que di: “Peza crave para facerlle fronte aos casos de violencia de xénero é que a xustiza conte cos medios e a especialización necesaria para facelo, por iso o PSOE vén de comprometerse á creación de cinco novos xulgados exclusivos de violencia de xénero: en Lugo, Ourense, Santiago, Pontevedra e Ferrol e á dotación de todos medios precisos para o seu correcto funcionamento. Comprometéndose a incluír os de Santiago, Lugo e Ourense nos Orzamentos Xerais do Estado para 2024”; o seguinte: *creación destes Xulgados, consecuencia do pacto alcanzado polo PSOE co BNG, cara a*

facilitar a investidura de Pedro Sánchez como Presidente do Goberno.

A emenda de engádega é aceptada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, e polos demais grupos municipais con representación no Pleno.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á moción presentada polo PSdeG-PSOE, coa emenda de engádega presentada *in voce* polo BNG, e cuxo texto definitivo (moción e emenda) son os recollidos *supra*.

7.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVIEMBRE E Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA

A portavoz do BNG, Sra. Bouza Bellón, defende a moción do seguinte tenor literal:

Moción do BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista

Cristina Bouza Bellón , concelleira/o do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Neda, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate no Pleno da corporación.

Exposición de motivos:

Ante o negacionismo e a banalización da violencia machista, é urxente un compromiso político e orzamentario firme por parte de todas as institucións. Máis aínda nun contexto no que vimos de ver como no que vai de 2022 aumentaron os feminicidios tanto en Galiza como no conxunto do Estado. Esta situación, que se dá ademais nun contexto sociopolítico de avance dos discursos machistas, debe facer saltar todas as alertas nas administracións públicas e levar á revisión dos mecanismos previstos para mellorar a prevención e a intervención, así como para concienciar á sociedade das consecuencias do patriarcado e da falsidade dos discursos que cuestionan a súa existencia.

O pasado 13 de outubro o Observatorio de Violencia do Consello Xeral do Poder Xudicial facía públicos os datos máis recentes respecto da violencia contra a muller na estatística xudicial, que nos permiten ver unha parte da súa enorme dimensión ao térense rexistrado no primeiro semestre de 2023 un total de 1707 denuncias. Pola súa banda, na Memoria 2023 (Exercicio 2022) da Fiscalía de Galiza recóllense máis de 5.000 delitos incoados como violencia de xénero e máis de 1.600 contra a liberdade e a indemnidade sexual.

Por outra banda, un dos ámbitos que máis preocupa ás persoas expertas

é o do lecer o ocio nocturno e o coñecemento de violacións e agresións sexuais en grupo e por parte de agresores mozos. Lamentablemente, no verán de 2023 coñecemos agresións sexuais múltiples a través dos medios de comunicación que nos recordan a necesidade de avanzar, como é o caso da violación de dous agresores no Porriño a unha moza no contexto dunhas festas ou a agresión sexual tamén cometida por dous mozos a unha moza nas festas de Monforte en agosto e recentemente vimos de coñecer polos medios de comunicación outra agresión sexual múltiple en Sarria. Aínda que o Parlamento galego acordou, a proposta do BNG, impulsar un Protocolo específico para este ámbito en febreiro de 2023, e a Xunta afirmou que estaría listo antes do verán, continúa sen estar activado.

A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos como adecuar as axudas á escalada de prezos e comprometer máis recursos, así como esixir o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista, como é a atención psicolóxica na atención primaria.

ACORDO:

Por todo o exposto, o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Expresar o seu rexeitamento ante o avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado malia o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2022, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.

2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.

3.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.

4.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

4.1 O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

4.2 A contía económica máxima que a Xunta de Galiza achegará para o financiamento dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o orzamento garanta non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.

4.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.

DEBATE: ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

VOTACIÓN: o Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade, presta aprobación á transcrita moción.

8.- DACIÓN DE CONTA DA ACEPTACIÓN POLO ALCALDE-PRESIDENTE DA SÚA DEDICACIÓN PARCIAL AO CARGO

O Pleno toma coñecemento do escrito que lle dirixe o Sr. Alcalde-Presidente, do seguinte tenor literal:

“D. Ángel Alvariño Saavedra, maior de idade, titular do DNI núm. 32 650 211 D, domiciliado no Roxal 44 A, 15510 Neda

EXPOÑO:

Que fun elixido Alcalde polo Pleno na súa sesión extraordinaria celebrada o día 17-6-2023, tomando posesión do cargo na mesma sesión.

Que tendo establecido o Concello o réxime de dedicación parcial (60% da xornada) para o dito cargo, coa correspondente retribución (24.000 € brutos anuais), de conformidade co disposto no artigo 13.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades,

MANIFESTO:

A miña aceptación expresa do dito réxime de dedicación, o que se debe comunicar ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

9.- ROGOS E PREGUNTAS

Constan en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as trece horas do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral